

19-21 xuño 2019 | Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

# ARTE E MEDIO AMBIENTE

DA CREACIÓN Á SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL



## **Obxectivos:**

- ✿ Coñecer as posibilidades da arte como recurso de sensibilización e participación ambiental.
- ✿ Reflexionar sobre o papel das iniciativas de construción artística en e pola contorna e o seu impacto psicosocial.
- ✿ Analizar a evolución da mirada artística sobre o medio ambiente.
- ✿ Revisar experiencias significativas e programas relevantes de impulso da arte en favor da sostibilidade.
- ✿ Desenvolver técnicas e procedimentos de expresión artística sobre a contorna.

## **Destinatarios:**

- ✿ Educadores e xestores ambientais.
- ✿ Artistas de diferentes disciplinas interesados no traballo con elementos, procesos e escenarios ambientais.
- ✿ Xestores e dinamizadores socioculturais.
- ✿ Persoas interesadas no ámbito da arte e o medio ambiente.

## **Inscripción:**

- ✿ Xeral 50 €
- ✿ Estudantes e desempregados: 40 €

## PROGRAMA :

### 19 DE JUNIO

09.30 – 10.00

Inauguración

10.00 – 11.30

Conferencia: En torno á arte da contorna

- **Ricardo de Castro.** Xefe de Servicio de Educación Ambiental y Formación. Junta de Andalucía

11.30 – 12.00

Descanso

12.00 – 14.00

Mesa redonda: Accións artísticas no medio

- **Félix Reyes y Rosa Castellot.** Arte en la Tierra

- **Carmen Hermo.** Comisaria da exposición permanente do Museo Man de Camelle e directora do proxecto

14.00

Pausa mediodía

16.00 – 17.00

Conferencia: A Paisaxe na Arte e a Arte da paisaxe. Conservación e interpretación

- **Mavi Lezcano.** Experta en Interpretación do Patrimonio. Profesora da Escola Universitaria de Turismo. Universidade da Coruña

17.00 – 17.30

Descanso

17.30 – 20.00

Obradoiro con Carmen Hermo: Creb@s

## 20 DE JUNIO

**10.00 – 11.00 Conferencia: Life, I'm your lover**

- **Pamen Pereira.** Artista interdisciplinar (Galicia)

**11.00 – 11.30 Descanso**

**11.30 – 14.00 Obradoiro – Instalación: Life, I'm your lover**

- **Pamen Pereira.** Artista interdisciplinar (Galicia)

**14.00 Descanso mediodía**

**16.00 – 17.30 Conferencia: Sonidos circulares e tecnoloxías obsoletas.** Sonidos de Trastos

- **Jordi Gayoso "Lord Sassafras".** DJ y músico (Aragón)

**17.30 – 18.00 Descanso**

**18.00 – 19.30 Conferencia: Percusión reciclada**

- **Fernando García Conde "Percu".** (Andalucía)

**18.30 – 20.00 Mesa redonda: O problema dos residuos dende a intervención artística**

- **Retoque Retro** (Galicia)
- **Victoria Rodríguez Cruz.** Coordinadora de Arte y Reciclaje- Programa Recapacicla- Diávolo Producción Cultural (Andalucía)

**20.00 – 22.00 Obradoiro/ Actuación musical: Sonidos de Trastos**

- **Jordi Gayoso "Lord Sassafras".** DJ y músico
- **Salitre.** Dj /músico
- **Fernando García Conde "Percu".** Percusión reciclada

## 21 DE JUNIO

**10.00 – 11.00 Conferencia: Arte, natureza e educación dende un enfoque socioambiental.**

- **Lucía Loren.** Educadora e artista especializada na Arte na Natureza (Madrid)

**11.00 – 11.30 Descanso**

**11.30 – 13.30 Obradoiro: Conectando coa natureza dende a arte**

- **Lucía Loren.** Educadora e artista especializada na Arte na Natureza (Madrid)

**13.30 – 14.00 Avaliación e clausura**




## Ricardo de Castro

Formado como Psicólogo Social na Universidade de Sevilla, é Xefe de Servizo de Educación Ambiental e Formación da Consejería de Agricultura, Ganadería, Pesca y Desarrollo Sostenible da Junta de Andalucía.

Autor dun bo número de publicacións sobre Educación e participación ambiental, Comunicación socioambiental e Actitudes e comportamentos proambientais.

Así mesmo é Asesor Internacional da Comisión de Educación e Comunicación da Unión Mundial para a Conservación da Natureza (UICN), membro da Rede de investigadores do cambio ambiental global (Comité Científico Español do IHDP –International Human Dimensions Programme on Global Environmental Change), socio fundador de Psicamb. Asociación de Psicología Ambiental e socio da Asociación Española de Comunicación Científica



## Félix J. Reyes

Licenciado en Bellas Artes pola Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid.

Foi catedrático de Volume na Escuela de Arte de Logroño ata 2001.

Galardón ás Artes de La Rioja en 2002. Premio Magister da Real Academia Canaria de Belas Artes en 2015. Académico Correspondiente de dicha Academia dende 2016.

No ano 2003, Félix J. Reyes crea a actividade *Arte en la Tierra*, que dirixe xunto a Rosa Castellot, en Santa Lucía de Ocón (La Rioja), o seu lugar de residencia. Durante a primeira semana de agosto, recoñecidos artistas nacionais e internacionais realizan as súas obras, sempre de carácter efémero, na contorna do pobo. En 2016, o Concello de Serrada, Valladolid, concedeulles a ambos o premio Racimo por esta actividade.



## Rosa Castellot López

É licenciada en Belas Artes pola Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid .

Exerceu a docencia ate 2002 na Escola de Arte de Logroño como profesora de Proxectos, sendo titular por oposición desde 1982.

En decembro de 2002 se retira da ensinanza para dedicarse á súa obra persoal. Dende esa data realizou exposicións individuais en Logroño, Vitoria, Santander, Valladolid, Madrid, Salamanca, Cáceres, Las Palmas de Gran Canaria, Briñas (La Rioja) e Zaragoza e participou en numerosas colectivas.

Dende o ano 2003, é codirectora xunto a Félix J. Reyes da actividade Arte en la Tierra, en Santa Lucía de Ocón (La Rioja)

En 2016 concedéronlle o Premio Mulleres na Arte en La Rioja pola súa traxectoria.

## Carmen Hermo

Doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo 2003 e licenciada pola Universidade de Salamanca 1985-1990. Docente desde 1991 compaxina este traballo co de deseño e creación no seu estudio de Pontevedra.

Participou en máis de 60 exposicións a nivel nacional e internacional e publicou a súa obra e ensaios en numerosos catálogos e publicacións, entre as que destaca o seu libro: “Pintar en la era digital”, da colección Arte y Estética.

Ilustradora colaboradora da editorial Kalandraka.

Ten comisariado máis de 20 exposicións entre as que destaca o Museo Man de Camelle.

Artista comprometida coa contorna e o medio ambiente desenvolve a práctica da súa obra no ámbito da arte e a natureza.

Traballa desde a linguaxe pictórica na súa máis ampla expresión. Experta en técnicas artísticas históricas e tamén nas últimas tecnoloxías aplicadas á creación e a difusión como son as técnicas fotogramétricas e a impresión 3D.





## María Elvira Lezcano González (Mavi)

Docente na Escola Universitaria de Turismo da Universidade da Coruña.

É Doutora en Humanidades pola Universidade da Coruña, Licenciada en Xeografía e Historia (Rama Historia da Arte, especialidade de Museoloxía) pola Universidade de Santiago e Técnico en Empresas e Actividades Turísticas (TEAT) pola Escola de Turismo (CENP) de A Coruña.

Actualmente é profesora das materias relacionadas co Patrimonio Cultural no Grao en Turismo e Dobre Grao en Turismo e Ciencias Empresariais na Escola Universitaria de Turismo (CENP), adscrita á Universidade da Coruña. Tamén imparte docencia no Grado en Xestión Industrial da Moda da UDC.

É membro da Asociación para a Interpretación do Patrimonio (AIP) dende o 2006.

Tamén é pintora afeccionada e unha das temáticas máis habituais na súa obra é a natureza.



## Pamen Pereira

Artista española cun longo percorrido nacional e internacional, a súa obra recorreu boa parte do mundo, da man de galerías, feiras de arte e museos de recoñecido prestixio.

O seu proceso de creación, orixinado xeralmente dende a súa experiencia vital, está vinculado á natureza obtendo desta boa parte da súa iconografía. O seu traballo móvese entre as técnicas do debuxo, a pintura, a escultura, a instalación, a fotografía ou o vídeo, calquera medio ou materia pode ser útil para concretar o acto creativo.

Pereira desenvolve un traballo de gran trasfondo poético creando imaxes mediante a manipulación de todo tipo materiais, en ocasións en estado de transformación, co fin de crear dualidades e harmonizar os opostos





## **Jordi Gayoso “Lord Sassafras” sons soleados de músicas do mundo.**

Con este pseudónimo leva Jordi Gayoso Borrell máis de 35 anos traballando como músico e visitando escenarios tanto en España como en diferentes países europeos, africanos, asiáticos e americanos. Lord Sassafras define o seu estilo como Sono Mondiale, unha mestura de sons soleados de músicas do mundo con outros occidentais e global-folk.

Como DJ, Lord Sassafras actuou en países como Eslovenia, Bélxica, Dinamarca, Suíza, Francia, Hungría, Italia, República Checa, Womex'07 en Sevilla, Womex'14 y Womex'16 en Santiago de Compostela... Tanto en Festivais como Clubs especializándose en músicas do mundo.

Tamén a súa traxectoria musical levouno ao continente africano, a Brasil, Xapón e China.

En España recorreu a maioría de Festivais e Clubs relacionados coas músicas diversas.

Traballa en teatro, danza, pasacalles; musicaliza películas mudas, da talleres de DJ do mundo para nen@s, así como charlas-audicións para xente nova relacionadas coas músicas das 3 Culturas e a Idade Media e sobre a Reciclaxe Musical (aparatos reprodutores e soportes sonoros ao longo da historia contemporánea).

Programou durante 10 anos o Festival Actual de Logroño.

## **Fernando García Conde “Percu”**



Biólogo e músico sevillano formado no Conservatorio Superior de Música, ademais de aprofundizar no estudo da percusión de diferentes partes do mundo, como a africana ou brasileira, a cubana e o caixón flamenco. Membro fundador e percusionista da “Banda de la María”, o grupo folk “Contradanza” e dos cubanos “Clave de Son”. Durante máis de 20 anos colaborou con múltiples formacións e figuras do panorama musical andaluz. Destaca a súa labor como profesor de ritmos do mundo, así como as actividades coa percusión reciclada para todo tipo de entidades públicas e privadas: Concellos, Fundacións, Conservatorios, colexios, produtoras de eventos e asociacións. Fundador e director da “Escuela LATIDOS”, en onde esta a desenvolver a súa faceta musical, educativa, artística e creativa, dende o ano 2009.



## **RetoqueRetro.**

RetoqueRetro está constituído por: Isa García, Javi Serantes e Ana Lee, colectivo artístico. Comezan a súa andadura no 2012 recollendo mobles e lixo doméstico nas rúas da Coruña co obxecto de restauralos e reciclalos.

No 2014 comezan a recoller madeiros e lixo mariño nas praias co obxectivo da reutilización artística por medio de esculturas. Tamén comezan a dar obradoiros de lixo mariño.

2016, 2017 e 2018 realizaron exposicións conxuntas e organizamos no mesmo tempo Encontros do Lixo Mariño coa asociación Mar de Fábula no CEIDA.

No 2018 realizan a exposición "Mar de Plástico" (con Mar de Fábula) no Aquarium Finisterrae da Coruña e na Casa Museo Man de Camelle.

En Abril de 2019 constitúense como Asociación RetoqueRetro pola defensa da Arte e do Medio Ambiente con especial atención ao Medio Mariño.

## **Victoria Rodríguez Cruz**

Artista e xestora cultural. Co-directora e comisaria de SIERRA centro de arte ( 2010-2014 Huelva)

Co-creadora e xestora cultural en Diávolo produción cultural. Coordinadora da Línea Arte y Reciclaje (2012-2019) programa Recapacicla nas universidades andaluzas. Comisaria da Mostra expositiva Reciclar Arte ( 2013-2019)

Despois de moitos anos dedicándose á cultura e en distintos campos da arte inicio a súa andadura na fotografía no ano 2008. Realizou talleres con Mario Parralejo, Ricky Dávila, Paco Sánchez, Pep Bonet, Cristóbal Hara, Rosa Muñoz, José Manuel Navia y Ricardo Cases.





## Lucía Lorén

Baixo o binomio arte e ecoloxía, realizou intervencións específicas en numerosas contornas naturais de España, Italia, Polonia, Arxentina ou o Sáhara Occidental. En todas estas intervencións, utiliza elementos da paisaxe para realizar pequenas variacións que reflexionan sobre o propio concepto da paisaxe cultural. En moitas ocasións, o proceso de traballo convértese nun espazo aberto á participación da poboación que habita no lugar, xerando un intercambio de experiencias e coñecementos entre o proceso artístico e a poboación rural.

Presentou as súas propostas plásticas en numerosos Centros de Arte Contemporáneo: CDAN, MUSAC, IVAM, CAB, Matadero, La Casa Encendida, Círculo de Bellas Artes, Estampa, Museo Contemporáneo Esteban Vicente, La Panera, Centro Cultural Montehermoso, Galería Estampa, Museo Provincial Bellas Artes de Tucumán, Palacio del Quintanar e Ap Gallery.